


Xestión de Residuos nos Fogares



Ti tamén podes separar para RECICLAR

RECICLAR supón aforrar materias primas, enerxía e auga. RECICLAR contribúe a reduci-la contaminación da atmósfera e o efecto invernadoiro. RECICLAR reduce a cantidade do lixo xenérico, o único que ten un custo directo para o cidadán.



Os envases de vidro (botellas, tarros e frascos) deposítalos no iglú verde.

As empresas recuperadoras e recicladoras transfórmanos en calcín (triturado e sen impurezas) con que elaboran novos envases.



Os xornais, as revistas, os folletos publicitarios, os papeis limpos e os cartóns recollidos no contenedor azul, trítúranse e destínanse para fabricar papel reciclado.



No contenedor amarelo, deposítanse: envases e envoltorios de plástico, que reciclados, convértense en novos obxectos, como mobiliario urbano, macetas, bancos de xardíns... Latas de bebidas e conservas, xunto coas tapas e chapas metálicas e os envoltorios e bandexas de aluminio, que se clasifican en metálicas e non metálicas, para transforma-las en novos obxectos. Envases compostos ou tipo brick (de leite, zumes...) que se poden reciclar aproveitando conxuntamente os seus compoñentes (fabricación de aglomerado) ou ben co aproveitamento separado de cada material (recicla xe do cartón e valorización enerxética).



O Concello de Lugo, dispón de recollida de:

- **RESIDUOS XENÉRICOS.** Os restos orgánicos e outros residuos non recollidos selectivamente é preciso depositalos nos contedores convencionais, entre as 18 e as 22 horas, e en bolsa pechada.
- **VOLUMINOSOS.** Está prohibido o abandono de mobles e enseres na vía pública. Os particulares que desexen desprenderse de mobles ou enseres inservibles (colchóns, electrodomésticos e similares), teñen que chamar ós servizos municipais (Teléfono 982 254 483) para proceder a súa recollida.
- **RECOLLIDA DE PILAS USADAS.** Os compostos químicos que conteñen as pilas son altamente nocivos para o ser humano e para o medio ambiente se non son tratadas axeitadamente. É preciso que as depositemos nos mini-contedores específicos situados en tendas colaboradoras e en centros educativos.
- **RECOLLIDA DE MEDICAMENTOS.** A través das farmacias existe unha recollida de envases de medicamentos e restos de medicamentos.



Separar estes materiais do resto do desperdicio evita que se convertan nun residuo. Reciclar unha botella de vidro aforra enerxía para manter encendida unha bombilla de 100 w durante catro horas. Reciclar 1.000 quilos de papel evita a tala de 10 árbores. Reciclar plásticos aforra o consumo de petróleo, nun peso equivalente.

A recollida selectiva e a recicla xe destes materiais está financiada polo punto verde, que xa teñen a meirande parte dos envases que están no mercado e os identifica como integrantes nos sistemas integrados de xestión.